

Ana Paula Tavares participará nos Encontros Cidade da Coruña

24.03.2011

REDACCIÓN

Os Encontros Cidade da Coruña chegan á súa cuarta edición do mércores 30 de marzo ao venres 29 de abril, co lema *Ser Escritor, Ser Escritora*. Organizados pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, co patrocinio da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña e a colaboración da Real Academia Galega, albergarán catro conferencias no local da RAG ás 20:00 horas: o 30 de marzo de Ana Paula Tavares, o 6 de abril de Mariasun Landa; o 13 de abril de Ana Romaní eo 29 de Antonio Gamoneda.